



Considera que é un anuncio unicamente propagandístico

Compostela 21 de outubro de 2019.

A CIG-Saúde vén de denunciar que o anuncio do SERGAS é puramente propagandístico, xa que as 407 prazas que contemplan os orzamentos para 2020 non son de nova creación. “Son prazas que na actualidade xa existen vacantes amortizadas coa taxa de reposición e que agora estaban cubertas con contratos eventuais e o que fan é recuperalas para que computen no cadro de persoal”.

Así o afirma a secretaria nacional de CIG-Saúde, María Xosé Abuín que lembra que no sistema sanitario público galego hai máis de 5.000 prazas cubertas por persoal con contratos eventuais e precarios que deberían ser as que estes orzamentos recollen como persoal interino para rematar coa precariedade laboral existente.

Para Abuín esta consolidación de prazas que fai SERGAS “segue a condenar ás/aos profesionais á precariedade laboral, obrigando a presentarse ás distintas ofertas de emprego por non poder acceder a un posto de traballo de carácter fixo”.

Neste sentido explica que destas 407 prazas, 133 son, segundo se anuncia, para persoal facultativo. “Se dividimos o número de prazas entre as diversas especialidades estamos falando de 3 prazas por especialidade médica para todo o sistema sanitario público de Galiza”.

A secretaria nacional de CIG-Saúde indica ademais que as 274 prazas restantes “se as dividimos entre o número de categorías profesionais, todas elas con persoal contratado en precario, non chegan nin a 5 en todo o SERGAS”.

Por iso non entende “de que está presumindo o SERGAS” e “cal é o anuncio novidoso destes orzamentos” e asegura, por iso, que se trata unicamente de “máis propaganda da Xunta de Galiza”.

Abuín lamenta ademais que esta información chegue a través dos medios de comunicación e non se dea conta dela nin na mesa sectorial do SERGAS, nin na mesa xeral de empregadas e empregados públicos “onde deberían darnos os datos xerais destas 407 prazas e os datos desagregados por categorías profesionais”.

Por iso a CIG-Saúde segue a exixir que na mesa sectorial do SERGAS se negocie un sistema identificativo de prazas , tal e como recolle a lexislación, para coñecer a situación real do cadro de persoal identificando claramente cal é persoal fixo, cal é interino, eventual e cantas prazas vacantes hai cubertas con contratos temporais que se renovan cada mes, dous, seis...

Neste sentido Abuín subliña que ten que ser “un plan de recursos humanos que identifique necesidades para achegar solucións, que nos permita coñecer o número de vacantes por xubilacións que se van producir nos próximos anos”.

Xunto a isto exige a eliminación inmediata da taxa de reposición e un plan de emprego que permita recuperar os máis de 5.000 postos de traballo amortizados nestes anos. “En síntese, un cambio nas políticas de persoal do SERGAS, afastado da propaganda que permita rematar coa precariedade e garantir unha asistencia sanitaria pública e de calidade”.